



CONSIDERACIONES



Panorama económico



- Continúa no ano 2023 a desaceleración da economía mundial e das economías do noso entorno por mor do mantemento das tensións xeopolíticas (que se agravan neste 2024 co conflito no Oriente Próximo) o elevado nivel de prezos e o aumento de tipos de xuro. Ante esta escalada de prezos, o CES urxe implantar medidas que atenúen os efectos dos prezos sobre os colectivos máis vulnerables.
- A pesares da desaceleración do ritmo de crecemento da economía, a taxa de variación anual do PIB galego, que se sitúa nun 1,8%, aínda sendo inferior ao do conxunto do Estado (2,5%), é superior á rexistrada no conxunto de países da zona euro e da UE-27. Esta evolución da economía ten tamén o seu efecto no mercado de traballo, que aínda minorando o seu ritmo de crecemento, presenta en liñas xerais un bo comportamento dos principais indicadores. O CES quere manifestar que é preciso seguir dedicando os esforzos necesarios para manterse na senda do crecemento e para mellorar a calidade do emprego.
- A menor aportación da demanda interna ao PIB, motivada tanto pola desaceleración do consumo privado como pola contracción da formación bruta de capital, é motivo de preocupación para o CES, polo que urxe realizar accións dirixidas a promoción do investimento, que dinamicen á súa vez as actividades produtivas e a xeración de emprego.
- Dende o lado da oferta todos os sectores presentan taxas de crecemento interanual positivos agás o sector primario que empeora a súa situación con relación ao ano anterior. O CES quere manifestar a súa inquedanza con respecto a esta situación e a necesidade de incidir en políticas que faciliten tanto as transicións enerxética e dixital como o relevo xeracional no sector.
- O CES quere destacar o bo comportamento da industria manufactureira na que se aprecia un crecemento da ocupación, reflexo especialmente da melloría no último trimestre do ano. Neste senso, a aposta polo fortalece-

mento desta actividade en particular, e do sector industrial en xeral, debe ser unha prioridade para o conxunto dunha sociedade que aspire acadar unha economía competitiva xeradora de emprego de calidade.

- Tamén é importante incidir en medidas que melloren os factores de competitividade das diferentes cadeas de valor do sector industrial galego, para o que é preciso facer un seguimento e avaliación de indicadores de maneira continua no tempo.

- En canto á distribución sectorial, a economía galega segue a ter un problema no que á produtividade se refire no sector industrial, e máis concreta-mente na industria manufactureira. Tendo en conta o peso relevante que ten na creación de emprego de calidade e na xeración de riqueza, dende o CES demandamos medidas e un programa que reforce e impulse a competitividade industrial e que favoreza a transición ecolóxica e dixital.

- A transición enerxética xusta e a descarbonización constitúen unha oportunidade para desenvolver proxectos estratéxicos en Galicia que serven para reducir a dependencia enerxética de terceiros países. O CES, quere chamar a atención sobre a necesidade de proporcionar as condicións axeitadas para fomentar os investimentos que teñan un retorno económico e social na nosa Comunidade Autónoma.

- No concernente á distribución das rendas, o incremento do 7,2% do PIB nominal a prezos correntes tradúcese nunha medra do 5,9% na remuneración dos asalariados (RA) e do 8,3% no caso do Excedente bruto de explotación/Renda mixta bruta (EBE/RMB). A causa desta desigual intensidade de crecemento, a participación dos asalariados na renda mantén a súa tendencia descendente, acadando en 2023 o 42,8%, cinco décimas inferior que no mesmo período do ano anterior, o que supón o peso relativo máis reducido dende 1995. Dada esta perda da participación dos asalariados na renda, desde o CES demandamos unha política económica máis inclusiva, que permita un crecemento máis equilibrado.

- Aínda que no conxunto o ano 2023 caracterizouse por unha moderación no ritmo de crecemento do índice xeral de prezos ao consumo (IPC) ao presentar no mes de decembro unha medra interanual do 3,1% en Galicia, ao ter unha subida de IPC inferior porcentualmente ás rexistradas no ano 2022 (un 5,7%). O CES manifesta a súa preocupación porque ao longo de todo o ano a inflación subxacente mantense por riba do IPC xeral situándose Galicia no 4,1%. Neste contexto, instamos aos poderes públicos a tomar medidas para frear esta tendencia.

- A persistente e elevada inflación; estendida ao conxunto de bens e servizos, pero, no último ano, especialmente en alimentos e bebidas non alcohólicas; prexudica a toda a poboación, pero especialmente as persoas de menores ingresos ao destinar unha porcentaxe maior dos mesmos a alimentación. Desde o CES, instamos aos poderes públicos a aplicar políticas dirixidas a conter a inflación e a atenuar os efectos sobre os traballadores/as, as empresas e a cidadanía en xeral.

- A pesar da menor medra da poboación en Galicia, a economía galega, medida en termos de PIB por habitante, presenta unha diverxencia tanto respecto da media do Estado como da Unión Europea. En opinión do CES isto require dunha análise das causas que motivan dita situación, e mecanismos dirixidos a resolvelas.

- Dentro do Índice de Competitividade Rexional destaca o elevado nivel de competitividade en Galicia dos eixos Mercado de traballo (aínda que cunha tendencia inferior á media) e Capital humano, sen embargo non ocorre o mesmo con outros eixos, con baixos ou moi baixos niveis de competitividade, trátase da Infraestruturas básicas, Eficiencia Empresarial e Innovación (estes dous últimos con tendencia favorable). O CES quere chamar a atención



sobre a necesidade de avaliar os factores de competitividade e estudar as posibles accións que contribúan a melloralos.

- Tanto no que respecta ao gasto total en I+D, como ao rexistro de patentes, Galicia continúa nunha situación moi inferior á media europea e ao norte de Portugal. Reducir dito desequilibrio ven sendo unha demanda do CES nos últimos anos, polo que instamos, novamente, aos poderes públicos a destinar máis fondos e implantar as medidas necesarias que incentiven o desenvolvemento de máis proxectos de I+D+i, vinculados ao tecido produtivo.
- Dentro da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, Galicia presenta indicadores a mellorar pola gran distancia de determinados indicadores co Norte de Portugal, tales como a taxa de natalidade, o gasto total destinado a I+D en relación ao PIB, a taxa de desemprego xuvenil, o que mostra para o CES as pancas dinámicas nas que traballar para incrementar o nivel de competitividade, que actualmente se afastan da liña da converxencia.
- A perda ou práctico estancamento de poboación, o envellecemento da mesma, así como a concentración nunha parte do territorio, continúa sendo as principais características demográficas en Galicia. Novamente consideramos necesario que as políticas dirixidas ao reto demográfico ocupen un lugar central nas administracións públicas. Os fluxos de entrada de poboación nacida no estranxeiro deben basearse en políticas integrais que aborden tanto a tramitación áxil das autorizacións de residencia e os trámites necesarios para o emprego, como a súa integración social na contorna local.
- A pirámide de poboación que ofrece a comparativa dos anos 2008 e 2023 mostra un estreitamento nos tramos de idade entre 20 e 39 anos moi pronunciado, co obxecto de cambiar esa tendencia o CES considera que é urxente que se leven a cabo medidas dirixidas a reter e a atraer á poboación neses idades, especialmente mediante o fomento do emprego.
- A pesar da lixeira medra da poboación residente en Galicia no último ano, nun horizonte temporal máis amplo, a perda de poboación é preocupante, especialmente no ámbito rural, e máis acusado, se cabe nas provincias de Ourense e Lugo. Nin o saldo migratorio positivo dos últimos anos, é capaz de frear esta deriva. Desde o CES, instamos a tomar medidas que viren esta situación.
- Seguimos lonxe da media europea (8,7 nacementos por cada mil habitantes), descendendo en Galicia as taxas de natalidade, en termos relativos, ata os 5,4 nacementos por cada mil habitantes en 2022, por contra, a taxa de envellecemento aumenta ata os 26,3 maiores de 65 anos por cada cen habitantes (25% na UE-27). Estes indicadores reflicten os problemas en termos de demografía na Eurorrexión, especialmente no caso de Galicia, que nos sitúa como a terceira rexión europea coa taxa de natalidade máis reducida e a décimo oitava coa taxa de envellecemento máis elevada. O CES considera necesario afondar en medidas efectivas que favorezan o incremento da natalidade. 

Mercado de traballo



- A pesares da ralentización do ritmo de crecemento da economía, e do favorable comportamento dos principais agregados macroeconómicos de mercado laboral en Galicia no ano 2023; o CES insta ás Administracións a implementar as políticas necesarias para solucionar os problemas estruturais que seguen existindo no mercado laboral.
- O incremento por encima da media das afiliacións das persoas menores de 30 anos, así como o maior crecemento respecto ao ano anterior na ocupación da poboación de entre 16 e 34 anos, xunto coa diminución da taxa de paro, indican unha certa mellora no emprego xuvenil. Aínda así, o CES solicita aos poderes públicos que se sigan dedicando os esforzos necesarios para continuar nesta senda e mellorar a empregabilidade da mocidade.
- No ano 2023 continúa o descenso das afiliacións ao réxime de autónomos. Un ano máis, o CES quere manifestar a súa preocupación e insistir na importancia de artellar medidas que freen esta tendencia.
- A perda de emprego no sector primario, que no caso concreto da pesca e acuicultura supera o 50% en relación ao ano anterior, súmase a unha nova caída anual no número de afiliacións ao réxime especial do mar. Dado o papel estratéxico do sector primario para Galicia e a súa importancia na nosa economía, o CES quere incidir na necesidade de artellar mecanismos que velen pola súa protección, contribúan a resolver o reto do relevo xeracional e garantan a súa continuidade.
- O colectivo de persoas desempregadas, por tempo de procura de emprego, que presenta mellor evolución no último ano, é o que leva en desemprego dous ou máis anos. A pesar diso, segue a ser o colectivo máis numeroso con 32.400 persoas nesa situación, o CES constata esta melloría aínda que considera que se debe seguir incidindo en accións que diminúan o desemprego de máis longa duración.
- Na desagregación das persoas desempregadas por estudos, o colectivo máis numeroso é o de estudos superiores,



con 40.700 persoas. Aínda que presenta unha tendencia favorable de diminución no ano 2023, trátase dunha cifra moi elevada. Unido a isto a ocupación deste nivel formativo diminúe no último ano, ante o que é preciso reforzar políticas de inserción laboral deste colectivo.

- A redución do paro afecta en menor medida ás persoas de maior idade, polo que desde o CES solicitamos atención específica a este colectivo.
- A pesar da evolución positiva das taxas de paro en Galicia no último ano, o CES entende que se debe de ter en conta que as persoas menores de 25 anos, estranxeiros e persoas con estudos primarios, volven a ser os colectivos máis afectados polo desemprego.
- O ano 2023 continúa co incremento da poboación activa en Galicia iniciado no ano 2021, cun aumento do 0,9%, menos da metade que no conxunto do estado, 2,1%, o que se traduce nunha taxa de actividade do 53,2%, o que fai que persista a distancia coa taxa de actividade media estatal, situada no 59%, e continúe no penúltimo lugar entre as taxas de actividade das comunidades autónomas, e no último posto en taxa masculina, ante o que o CES considera necesario reforzar as políticas destinadas a aumentar a poboación activa.
- O incremento da poboación activa estranxeira (a que sustentou en gran medida o aumento da poboación activa en Galiza), non vai parello dun incremento da ocupación destas persoas. Desde o CES solicítase ás administracións públicas velar polas condicións deste colectivo, así como implantar medidas para a súa integración na poboación ocupada.
- O CES quere destacar o bo comportamento da industria manufactureira na que se aprecia un crecemento da ocupación, reflexo especialmente da melloría no último trimestre do ano. O CES entende que é necesario afondar en medidas que permitan continuar esta tendencia positiva e incrementar o emprego industrial dada a súa estabilidade e alto nivel salarial.
- O importante incremento dos contratos indefinidos fixos discontinuos, con cada vez maior peso na contratación, require dun coñecemento máis profundo das condicións dos mesmos: situación de actividade ou inactividade, tempo traballado... polo que o CES solicita que a estatística laboral incorpore máis información deste tipo de contratos.
- O elevado peso dos contratos a xornada parcial entre as mulleres, na maioría dos casos non desexada, é motivo de preocupación para o CES; polo que se insta aos poderes públicos a implantar as medidas necesarias para lograr un mercado de traballo máis inclusivo.
- A taxa de temporalidade global segue descendendo no ano 2023. Atendendo á distribución por sectores, o comportamento é moi desigual, fronte ao descenso no sector privado, está o continuo deterioro da temporalidade no sector público, acadando no último ano o 32%. O CES entende que seguen sendo precisas iniciativas orientadas á redución da temporalidade non desexada, especialmente no ámbito do sector público.
- A elevada taxa de temporalidade das mulleres con respecto aos homes, 5,8 puntos de diferenza, en concreto, 11,1 no sector público e 2,4 no sector privado, tamén amosa unha importante fenda na duración dos contratos. É, polo tanto, necesario, articular respostas a estes problemas.

- Os índices de incidencia de accidentes graves e mortais redúcense no último ano, aínda que superan en Galicia amplamente os datos do conxunto do estado, polo que é preciso intensificar os esforzos dedicados a prevención de riscos laborais, cumprimento da normativa e incremento dos recursos destinados a diminuír esta incidencia.
- No ano 2023 apréciase unha redución do índice de incidencia dos accidentes graves na nosa Comunidade Autónoma, é preciso fortalecer e reforzar todas as medidas no eido preventivo que favorezan manter esta tendencia que permita tamén afondar na redución da accidentalidade mortal e leve. Neste senso, será fundamental a execución da Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia (horizonte 2027) para anticiparse aos riscos emerxentes, especialmente os derivados dos cambios no entorno produtivo derivados das transicións dixital e ecolóxica.
- Un ano máis o CES quere manifestar a súa preocupación pola duración media dos procesos por continxencias comúns na nosa Comunidade, 71,5 días de media, preto do dobre que na media do Estado (39 días de media no Estado). O CES entende que analizar as causas desta diferenza é condición *sine qua non* para poder acadar unha solución ao problema.
- Os incremento da, xa elevada, desigualdade salarial entre a clase traballadora é motivo de preocupación para o CES, polo que instamos aos poderes públicos se faga un estudo das causas da mesma, e se tomen as medidas necesarias para palialas.
- Cos datos da Axencia Tributaria observamos que o salario percibido medra en función da idade, de maneira que se produce unha diferenza moi elevada entre o salario medio percibido pola mocidade e doutros tramos de idade, de máis do dobre en certos tramos, polo que o CES considera que se deben de articular medidas que fomenten unha maior aproximación de rendas, entre outras medidas fomentando os contratos indefinidos e a tempo completo, e actividades desestacionalizadas.
- A persistente fenda salarial de xénero amosa, que os logros educativos das mulleres non se traducen en melloras na súa posición no mercado de traballo. Reducir a segregación na elección de estudos, desterrar estereotipos, crear un sistema de coidados... son algunhas das medidas que entendemos poden contribuír a reducir dita fenda; polo que pedimos que se dedique especial atención a este feito.
- Unha vez máis, o CES destaca a necesidade de afondar en medidas en materia de igualdade que impulsen a redución da fenda salarial de xénero e fomenten a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados.
- O CES considera necesario fomentar a inserción laboral, tanto nos estudos universitarios como nos de formación profesional, co fin de aumentar a ocupación da mocidade en Galicia, favorecendo a contratación indefinida a tempo completo nos sectores produtivos galegos, así como medidas de relevo xeracional e de reinserción nos novos sectores estratéxicos, entre outras.
- No contexto actual de constante avance tecnolóxico a formación das persoas traballadoras cobra especial importancia. O CES entende que as accións formativas deben estar dirixidas a atender as novas necesidades que presenta o mercado laboral, así como á reciclaxe dos perfís profesionais para garantir a ocupación daquelas persoas que ven afectadas as súas funcións pola irrupción das novas tecnoloxías, isto sen prexuízo da necesidade de incidir en medidas que resolvan tamén a necesidade de man de obra e as vacantes en oficios e ocupacións máis tradicionais. 



Dinamismo do tecido produtivo



- Unha vez máis, o CES quere pór en relevancia o sector primario, clave para Galicia e provedor de produtos esenciais, e incidir de novo no fortalecemento de medidas que contribúan a reverter a contracción do VEB no sector, actuando sobre aspectos como a falta de relevo xeracional, o incremento das rendas das persoas ocupadas no sector primario e impulsando o peche de ciclos produtivos.
- Malia o lixeiro incremento no último ano, a Superficie Agraria Útil (SAU) en Galicia continúa moi por debaixo da media estatal e supón, especialmente para as explotacións gandeiras, unha perda de competitividade e dependencia da compra de materias primas. O CES insta a reforzar as medidas que permitan incrementar a base territorial das explotacións.
- En 2023 continúa o descenso do número de explotacións bovinas (-8,68% respecto a 2022). O cese da actividade implica na maioría dos casos o abandono da súa superficie e supón unha ameaza para a xestión territorial e risco de incendios. Por isto, en opinión do CES son precisas medidas de apoio ás explotacións existentes, fomento do relevo xeracional e programas que permitan incorporar a superficie xestionada por explotacións que pechan a explotacións en activo.
- Os gandeiros galegos percibiron polo seu leite de media un prezo 4,2% máis baixo que a media estatal, alcanzándose no 2023 a máxima diferenza dos últimos anos. Cómpre analizar os motivos e adoptar medidas que cambien esta situación.
- O CES quere manifestar a súa preocupación polo impacto do cambio climático no sector primario e insta a avaliar os efectos adversos nas distintas ramas de actividade e implementar medidas para aumentar a capacidade de adaptación.

- Para Galicia é crucial o sector industrial polos seus efectos de arrastre sobre variables tan importantes como o emprego, a innovación ou a internacionalización da nosa economía. No ano 2023, a diferenza do acontecido no ano 2022 e a pesar da importante ralentización no ritmo de crecemento, cabe destacar o crecemento da industria no seu conxunto, incluída a industria manufactureira. Sen prexuízo desta tendencia faise preciso o reforzo das medidas que permitan continuar esta tendencia positiva no futuro para chegar ao obxectivo do peso do 20% do PIB, tendo en consideración que o subsector manufactureiro presenta unha marxe de mellora, ao ter en 2023 un crecemento interanual máis baixo que o experimentado en España.
- O sector industrial no ano 2023 amosa un crecemento das afiliacións á seguridade social do 0,9%, situándose en 146.574 persoas afiliadas e representa o 16,2% do PIB. O CES considera que é preciso apoiar esta tendencia e que intente recuperar as cifras de emprego perdidas dende o ano 2008.
- Desde o CES instamos aos poderes públicos que as axudas á industria sexan máis áxiles e eficientes no senso de mellorar a resiliencia da economía e permitan controlar as dependencias industriais estratéxicas, así como lograr unha industria máis produtiva, sostible e competitiva.
- Pese ao incremento interanual do 1,7% da industria manufactureira, esta moi lonxe do medre experimentado na media do Estado, polo que o peso da mesma no total estatal sofre un novo retroceso. Dada a importancia deste sector na creación de emprego, e como dinamizador da economía, solicitamos aos poderes públicos políticas que fomenten a innovación e a dixitalización do mesmo, adecuar a oferta formativa ás necesidades do sector, etc.
- A xeración de enerxía eléctrica en Galicia medra en 2023 un 6,6% en relación á enerxía total xerada no ano anterior, isto sitúa a Galicia como a sexta comunidade autónoma en termos de xeración de enerxía eléctrica; destacando o aumento dun 24% respecto ao ano anterior da xeración de enerxía renovable, fronte á caída do 25,4% no caso das fontes non renovables. Desde o CES instamos aos poderes públicos a seguir adoptando medidas que aposten por un modelo renovable e sostible.
- Dada a importancia do sector enerxético na economía, onde Galiza ten un peso importante na xeración da mesma, e nun momento en plena transición; con intereses, en moitos casos, contrapostos; o papel da administración é determinante. Polo que instamos novamente a que se tomen as medidas pertinentes para compatibilizar as actividades de todos os actores en xogo, así como a protección do medio ambiente.
- Aínda que o sector da construción presenta en 2023 unha medra interanual da súa actividade do 0,8%, fronte a contracción rexistrada no ano precedente (-1%), o CES destaca a necesidade de adoptar medidas que podan reducir o diferencial de crecemento respecto ao conxunto do Estado e aborden aspectos como a falta de persoal cualificado.
- O esforzo financeiro que unha persoa asalariada ten que realizar para facer fronte ás obrigas cunha entidade financeira en relación á hipoteca da vivenda aumenta ata o 28,7%, preto de cinco puntos máis que o ano anterior, ante as dificultades para acceder a vivenda. O CES considera que as administracións públicas deben fomentar a construción de vivendas a prezos asumibles.
- A forte redución de autónomos no comercio está detrás da desaparición de numerosos establecementos comerciais, en moitos casos por falta de relevo xeracional, o que está mudando a idiosincrasia das vilas e cidades; polo que un ano máis, instamos aos poderes públicos a apoiar esta actividade.



- A diferenza do que acontece no ámbito do turismo en xeral, o turismo rural presenta no ano 2023 unha evolución negativa en Galiza, polo que desde o CES solicitamos se estude cales son as causas desta negativa evolución e que se apliquen medidas para corrixila, dada a importancia que ten nun ámbito tan castigado coma o rural.

- Reducir a estacionalidade do sector turístico, para reducir a sobrecapacidade nas temporadas baixas e ofertar unha maior estabilidade no emprego, que redundaría nunha maior produtividade do sector, é para o CES unha prioridade, polo que solicitamos ás administracións públicas medidas nesta dirección.

- No eido do transporte de mercadorías apréciase unha diminución no ano 2023, especialmente é destacable a redución do transporte por ferrocarril que cae un 16,5%.

Para Galicia e o seu tecido produtivo constitúe un factor clave modernizar a rede ferroviaria e dotala de características de calidade para o transporte de mercadorías, conectándoa coas infraestruturas portuarias pois gran parte da superficie das instalacións loxísticas son marítimas. Por outra parte é preciso solicitar un adecuado mantemento das estradas que unen a Galicia coa meseta e a terminación daquelas infraestruturas que vertebran o interior de Galicia, como un elemento clave para a fixación de poboación.

Deben impulsarse todas aquelas actuacións que desenvolvan o chamado Corredor Atlántico do Noroeste, tendo en consideración a situación xeográfica da nosa Comunidade e tamén a relevancia da nosa fachada marítima.

- O CES constata o favorable cambio nas afiliacións á seguridade social do sistema financeiro, que aumentan un 2% no ano 2023 fronte a caída dos últimos anos. Aínda así, asistimos novamente ao peche de oficinas bancarias (desde 2008 reducíronse en preto dun 60%, e no último ano 54 concellos non contan con ningunha oficina), polo que consideramos necesario chamar a atención sobre os efectos adversos que esta tendencia está tendo sobre a poboación en xeral, e no medio rural en particular; polo que pedimos medidas para solucionar esta problemática.

- Un novo descenso no número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social deixa a Galicia con 80.106 empresas no ano 2023, 2.179 menos que no ano 2019 e 7.366 se o comparamos co 2008. Estamos a falar da cifra máis baixa desde o ano 2008 (a excepción do 2020), que ademais coincide cun aumento do número de empresas no total estatal que fai perder a Galicia peso relativo no conxunto do Estado. O CES considera que é preciso frear esta tendencia e establecer medidas que impulsen a creación e o reforzo do tecido produtivo, aumentando a súa competitividade e capacidade para xerar emprego.

- A destrución de empresas é común aos catro grandes sectores, sendo a mais acusada en termos relativos a vivida no sector primario. O CES quere pór en valor a importancia para Galicia deste sector e alertar sobre a necesidade de accións dirixidas á súa protección tanto por ser esencial como pola súa importancia para frear o despoboamento do rural.

- O CES quere chamar a atención un ano máis sobre a situación da industria manufactureira. O ano 2023 cifra a perda de empresas neste subsector en 827 respecto ao 2022, e en 1.597 respecto a 2019. É preciso pór en marcha os mecanismos necesarios para recuperar e mellorar o peso do sector industrial cara ao obxectivo do 20% do PIB, especialmente da industria manufactureira, e aproveitar a oportunidade que brinda a transición ecolóxica para levalos adiante.

- Desde o CES queremos incidir na importancia de protexer ás persoas autónomas. Este colectivo volveu a reducirse en número, precisa de apoios que lle permitan continuar coa súa actividade e favorecer a entrada e permanencia

neste réxime de persoas de tódolos rangos de idade, aumentar a presenza de mulleres e integrar ás persoas nadas no estranxeiro.

- O incremento sostido do número de empresas exportadoras regulares nos últimos anos (agás no 2020), amosa unha tendencia positiva no que se refire á internacionalización do noso tecido produtivo. O CES considera que se deben seguir impulsando medidas destinadas a mellorar estas cifras.
- O investimento bruto estranxeiro en Galicia reflexa no ano 2023 un importante crecemento interanual que contrasta coa redución do 11,9% no conxunto de España. Desde en CES queremos incidir en seguir reforzando aquelas medidas tendentes á captación de inversión estranxeira. 



Calidade de vida e benestar social



- O orzamento en atención primaria para o ano 2024 presenta unha subida do 3,7% con respecto ao ano anterior, incremento inferior ao orzamento consolidado da Sanidade. Como resultado, perde peso no total orzamentario e afonda na distancia con respecto ao ano 2008, de maneira que xa son 7 puntos menos. O CES considera que a atención primaria constitúe unha parte esencial da sanidade por ser a porta de entrada no sistema, polo que é preciso que conte con recursos humanos e materiais suficientes, así como dunha mellora na organización.
- Desde o CES queremos incidir na importancia das accións dirixidas ao envellecemento activo e saudable, sobre todo tendo en conta as características da poboación galega, e na necesidade de seguir incrementando os recursos destinados a tal fin.
- A taxa de mortalidade por tumores en Galicia é máis elevada que na media do Estado (a terceira comunidade coa porcentaxe máis alta), polo que solicitamos que se estuden as causas desta fenda para poder atallar esta situación.
- En Galicia as defuncións por causas externas representan unha porcentaxe moi elevada dentro do conxunto das comunidades autónomas, o 8,7%, sendo a principal causa, co 28,5% do total, por afogamentos, submersión e sufocación accidentais, que suman no último ano un total de 459 mortes, o CES considera necesario que se estuden polo miúdo as causas e que se tomen medidas para paliar esta elevada incidencia.
- Os suicidios continúan sendo unha das principais causas externas de morte en Galicia. Xunto a isto, o incremento dos problemas psicolóxicos, especialmente entre a poboación máis nova, fan que a saúde mental se converta nun punto prioritario do sistema de saúde; polo que desde o CES solicitamos se preste especial atención a esta problemática.

- O número de suicidios no ano 2022 en Galicia segue a ser moi preocupante con 328, maioritariamente homes e con maior incidencia no grupo de idade comprendido entre 50 e 54 anos, polo que unha vez máis o CES considera que é urxente analizar como atallar este gran problema e poñer en marcha medidas enfocadas a reverter esta situación.
- A porcentaxe de médicos/as por 100.000 habitantes é moi inferior en Galicia que na media do Estado (478 en Galicia, 507 na media estatal), ao igual que de enfermeiras/os (513 en Galicia, 619 no Estado). Se a isto engadimos unha poboación máis envellecida no caso galego, o CES entende que se deberían aplicar os fondos necesarios para equilibrar esta ratio.
- O elevado tempo de agarda para acceder a determinados servizos do sistema sanitario continúa a ser un dos principais problemas do mesmo. Reducir estas listas é prioritario para o CES, xa que non só prexudica ao enfermo ou enferma, senón que ten repercusións sobre as actividades das empresas e sobre o erario público.
- O tempo medio de espera nas consultas externas sitúase no ano 2023 en 73,4, constatando un empeoramento nas especialidades que tratan as enfermidades mentais, Neuroloxía en 75,5 días (59,1 ano 2022) e en Psiquiatría 73,2 días (50,4 ano 2022), o CES considera moi preocupante esta tendencia e demanda que se doten os medios necesarios para reducilas.
- En relación coa lista de espera estrutural cirúrxica, o CES considera que o descenso do tempo medio de espera nos últimos dous anos é aínda insuficiente, o que fai necesario intensificar os esforzos para acelerar a redución destas cifras, especialmente nas patoloxías catalogadas como de prioridade 2.
- Malia a mellora na recuperación económica despois da pandemia da covid, no 2023 o incremento de prezos dos recursos básicos, enerxía, alimentos e materias primas, pola guerra da Ucraína, afectou aos custos en todas as cadeas de valor. O CES considera que é necesario implantar medidas dirixidas á eliminación da pobreza e á redución das desigualdades.
- No ano 2023 en Galicia aumenta en 1.300 o número de fogares sen perceptores de ingresos, rexistrándose 28.500 fogares nesta situación, que non perciben nin salario, nin pensión, nin prestación de desemprego. A nivel provincial o incremento concéntrase nas provincias de Ourense e Lugo. Ante esta evolución, o CES considera necesario analizar as causas desta situación, así como urxente adoptar medidas que afronten este problema.
- O elevado prezo da vivenda, en determinadas partes do territorio, limita o acceso á mesma aos fogares de menores rendas (principalmente poboación nova e inmigrante), o que xera efectos sociais e económicos adversos. Polo que desde o CES, solicitamos medidas de política económica dirixidas a corrixir estes problemas.
- A taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) alcanza un 53,26% nos fogares compostos por un adulto con nenos e mozos a cargo no último ano, máis do dobre que no resto das tipoloxías dos fogares, circunstancia moi preocupante para o CES, polo que este considera que se deben levar a cabo accións dirixidas a reverter este indicador.
- A análise polo miúdo da taxa de risco de pobreza apunta a certos colectivos da sociedade que precisan especial atención, nomeadamente a poboación entre 16 e 24 anos. O CES considera necesario realizar un maior esforzo dirixido a estas franxas de poboación impulsando medidas que contribúan a frear esta situación.



- A elevada taxa de pobreza da poboación estranxeira (54,3%), que triplica a das persoas con nacionalidade española, lévanos un ano máis desde o CES, a demandar unha atención especial a este colectivo.
- En relación á dependencia, Galicia segue a ocupar o primeiro posto entre as comunidades autónomas cun 90,6% dos ditames positivos. Aínda así, e a pesares dunha mínima diminución, o tempo medio de espera entre a solicitude e a resolución segue a ser preocupante. O CES considera que é preciso intensificar os recursos que permitan atender debidamente tódalas necesidades derivadas das situacións de dependencia en tempo e forma, para evitar situacións de vulnerabilidade e de risco de pobreza.
- O CES segue manifestando a súa preocupación polo diferencial coa media nacional (1.278,8 € menos) de gasto público por persoa dependente en Galicia, polo que urxe a dispoñer dos recursos precisos para corrixir este desequilibrio.
- O número de prazas de residencias públicas sitúase en 5.362 de un total de 23.645 prazas no ano 2023 en Galicia, o que representa o 22,7% das prazas dispoñibles na comunidade autónoma, mentres que as prazas ofertadas polas residencias privadas son o 45,4%. O CES considera que ante o envellecemento de poboación é preciso intensificar o esforzo na dotación de prazas públicas de residencias.
- A violencia de xénero segue a ser un dos problemas máis importantes da sociedade actual. O ano 2023 rexistrou un aumento de denuncias presentadas (13% máis), e tres vítimas mortais (fronte a ningunha no ano anterior). Esta situación require dunha análise profunda das medidas de prevención e da necesidade de continuar con campañas de sensibilización e prevención, actuando sobre as causas que xeran a violencia, mellorando as actuacións que se están levando a cabo e promovendo programas de recuperación.
- Novamente en 2023, Galicia é a segunda Comunidade Autónoma co importe medio das pensións contributivas máis baixo; os efectos negativos, tanto dende un punto de vista económico como social, do baixo importe das pensións é especialmente importante no noso territorio, cunha estrutura económica e demográfica onde as prestacións e subsidios sociais son a única ou a principal fonte de rendas de moitos fogares. O CES considera que é preciso actuar de maneira urxente para cambiar esta situación.
- A forte fenda salarial de xénero nas pensións contributivas, do 34% no último ano, o que equivale a 424 euros mensuais de diferenza entre a pensión dunha muller e a de un home, require de medidas destinadas a reducir esta diferenza. Desde o CES, instamos aos poderes públicos a articular medidas, tanto a curto como a longo prazo, para paliar esta desigualdade.
- A maioría das pensións non contributivas son percibidas por mulleres. As baixas contías deste tipo de prestacións sitúan a un número moi elevado de mulleres maiores en situación moi precaria. Polo que desde o CES, instamos aos poderes públicos apoios específicos a este colectivo.
- O CES quere alertar da tendencia á alza desde o ano 2020 do índice de emisións de CO2 e da importancia de tomar medidas para virar esta tendencia, apostando polo uso responsable dos recursos, a economía circular e o modelo renovable para acadar os obxectivos de descarbonización marcados.
- A descarbonización da actividade produtiva é imprescindible para loitar contra o cambio climático. O CES considera que os esforzos realizados deben ir acompañados de medidas de apoio áxiles así como dun marco regulamentario ordenado e estable que facilite o investimento.

- Os incendios forestais continúan sendo un grave problema social. Aínda que son moitos os factores que contribúen aos mesmos, entendemos que a prevención debería ser unha medida prioritaria.

- Os ataques do lobo ao gando vacún incrementáronse nun 43% respecto do ano anterior, sendo ademais a cifra máis alta de ataques da serie histórica de datos. Sería preciso analizar os motivos desta suba e a tipoloxía de explotacións e animais para fomentar medidas preventivas e de manexo axeitadas que reduzan os ataques, así como avanzar nos mecanismos de indemnización.

A superficie agrícola afectada por danos do xabaril alcanzou no ano 2023 o seu máximo histórico cun crecemento en todas as provincias que supoñen unha media no conxunto de Galicia do 38,5% respecto do ano anterior. Isto pon de manifesto un problema que vai a máis no agro galego e a necesidade de controlar as poboacións de xabaril para compatibilizar a presenza de fauna salvaxe coa actividade na agricultura.

- O CES quere chamar a atención sobre o feito de que a estatística utilizada para levar a cabo a análise do turismo cultural en Galicia está exclusivamente limitada a residentes nacionais; e tendo en conta que os residentes no estranxeiro que visitan Galicia por motivos culturais, é un segmento cada vez máis importante, o CES insta a que se amplíen as fontes estatísticas para poder dispoñer de máis información para unha mellor análise da actividade. 



Recursos e capacidades para o desenvolvemento



- Á redución do número de centros que imparten exclusivamente educación infantil, así como á perda de unidades en funcionamento en centros específicos de educación infantil e en centros de educación primaria, xúntanse a un novo descenso no número de matrículas concentrado nas etapas de infantil e primaria. Esta realidade, é unha mostra máis da baixa natalidade que sofre Galicia e por isto o CES solicita medidas que actúen sobre esta problemática.
- Ao CES preocúpalle que a redución de unidades de centros docentes de educación infantil e primaria se rexa por criterios puramente cuantitativos, e considera que deberían contemplarse outros parámetros para que non se prexudique a determinados concellos do rural.
- O CES quere mostrar a súa gran preocupación polo descenso do número de centros de réxime xeral no período 2008-2023; destacar que a maior diminución ten lugar nos centros de titularidade pública nun 12,2%, sendo do 6% nos centros privados. A redución do número de centros neste período afecta fundamentalmente aos centros que imparten en exclusiva educación infantil, cunha caída do 52,5%, na que o 90% dos que se perden son de titularidade pública.
- O CES quere mostrar tamén a súa inquedanza polo descenso do número de unidades en funcionamento, que no conxunto do período 2008-2023 prodúcese tan só nos centros públicos.
- O incremento por terceiro ano consecutivo das matrículas nos centros rurais agrupados (206 máis respecto á cifra rexistrada no curso 2018-2019), vén acompañada dun descenso de 4 unidades educativas respecto ao mesmo período. O CES quere manifestar que a protección e a potenciación do rural pasa necesariamente pola dotación dos recursos necesarios para garantir un ensino de calidade e que elimine as fendas existentes entre o ámbito rural e urbano.

- No ano 2023 Galicia volta á tendencia descendente da taxa de abandono educativo e sitúase a unha décima do obxectivo europeo do 9%. Respecto aos obxectivos estratéxicos europeos para 2030, Galicia xa cumpre outros como ter un 45% da poboación entre 25 e 34 anos con estudos superiores rematados. Aínda así, o CES quere incidir na necesidade de seguir mellorando en tódolos indicadores.
- No ano 2022 o 15,9% dos galegos de 25 a 64 anos cursa estudos de formación permanente, porcentaxe superior en sete décimas ao ano anterior, indicador que é necesario seguir impulsando dada a relevancia da formación continua na mellora das distintas competencias do capital humano.
- O CES non pode deixar de manifestar a súa preocupación polos estereotipos de xénero na distribución das titulacións e reiterar a necesidade de artellar mecanismos que poñan fin a esta problemática.
- A forte fenda de xénero existente nos alumnos matriculados en FP en varias das familias profesionais existentes require por parte das administración públicas medidas que minoren esta segregación.
- O gasto dedicado a investigación e desenvolvemento medra o 7,7%, porcentaxe inferior á media estatal en 4,3 puntos, tendencia que intensifica as diferenzas entre ambos escenarios, e que finalmente sitúa o gasto en Galicia en I+D no 3,9% do conxunto do Estado. O CES considera necesario un impulso do gasto nestas actividades.
- O persoal empregado nas actividades de I+D en Galicia presenta unha evolución desigual segundo o sector considerado, de maneira que medra un 12,7% no ámbito das empresas, un 5,1% no ensino superior e un 1,1% na administración pública. O CES considera que se debe seguir impulsando este emprego nas empresas e realizar un maior esforzo nos outros ámbitos.
- Nun momento de pulo á sociedade do coñecemento, chama a atención a perda de peso relativo de empresas que teñen páxina web e mesmo o descenso da porcentaxe de empresas de menos de 10 empregados que venderon a través de internet no último ano. O CES considera que é preciso avaliar esta casuística e velar porque ninguén quede atrás no camiño da dixitalización e da modernización. 



